

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE ABRIL DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de abril de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**


**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do tres de xaneiro de 2013 polo que se denegaba a licenza de agrupación e parcelamento de predios sitios en solo clasificado como área de expansión e núcleo rural recollido no PXOM co número 39.3.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Celestino Fernández de la Vega, número 3.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita en gundín, parroquia de Santo Estevo de Benade e para legalización de muro de contención e peche na Tolda de Meilán, números 25-31.

Do mesmo xeito, acórdase a denegación de licenza para a construción dun alpendre para garda de material agrícola no solo clasificado polo pxou como núcleo rural tradicional de Milleirós+Pacios, Parroquia de Santiago de Meilán.

Acórdase a concesión da licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa Mandeo, número 38, con licenzas de obra números 480/92, 1099/11 e 866/12.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia	FECHA	10/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 iSihfUeCzEtfwNi0x1fg3A==			


**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Tradutor/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación do emprego temporal.

Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito a Muller e Benestar Social e a aprobación da forma de compensación.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación: iSihfUeCzEtfwNi0x1fg3A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	10/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	iSihfUeCzEtfwNi0x1fg3A==	PÁGINA	2/2
 iSihfUeCzEtfwNi0x1fg3A==				